

Marilar Aleixandre é o nome literario de María Pilar Jiménez Aleixandre. Naceu en Madrid, de pais andaluces e valencianos, e estudou bioloxía antes de facerse galega en Vigo, onde chegou como catedrática de instituto de bioloxía.

Catedrática de Didáctica das Ciencias Experimentais na Universidade de Santiago de Compostela, é autora de numerosos artigos sobre a argumentación, o uso de probas e o pensamento crítico, tanto en inglés como en galego, castelán e portugués. Pioneira no uso do galego como lingua vehicular no ensino das ciencias: é coautora dos primeiros materiais de ciencias en galego e dos dous primeiros textos de ciencias naturais en galego (*Xilbarbeira*, editado polos seus autores e autoras en 1982, e *Setestrela*, Xerais en 1988). Tamén é coautora do *Vocabulario das Ciencias* en galego, en colaboración co ILG en 1991 e doutros moitos materiais, itinerarios, artigos e ensaios sobre o ensino das ciencias, como '*Dubidar para aprender*' (Xerais, 1996), ou '*Actividades para traballar a argumentación e o uso de probas*' (Danú, 2009, dispoñible en www.rodasc.eu).

En canto á literatura, é poeta, narradora, tradutora. Acadou premios polos seus poemarios como o Esquíu por *Catálogo de velenos* (1998), e o Caixanova-PEN por *Mudanzas*, unha reescrita das *Metamorfoses* desde a voz das mulleres (2008); tamén publicou *Desmentindo a primavera* (Xerais, 2002); *Abecedario de árbores*, (AELG, 2006), e *Ovella descarreirada* (Xerais, 2014), sendo o último *Desescribindo* (Apiario, 2016). En narrativa é autora entre outros de *Lobos nas Illas* (1996), *A Compañía clandestina de contrapublicidade* (premio Álvaro Cunqueiro, 1997), *Teoría do caos* (Premios Xerais, 2001 e San Clemente, 2002) ou *O coitelo en novembro* (2010). En narrativa infantil e xuvenil acadou premios como o Merlín e da Crítica, 1995 por *A expedición do Pacífico*; o Lazarillo, 1998 por *A banda sen futuro*, ou o Caixa Galicia 2008 e White Ravens por *A cabeza de Medusa*, sobre a violación social que segue á física. Recibiu tamén premios ao conxunto da súa obra, como o recoñecemento da Asociación de Tradutores en 2009; o E de 'Escritora na súa terra' da AELG en 2010, e foi a autora homenaxeada do Salón do libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra en 2013. A súa poesía e narrativa están traducidas ao portugués, castelán, catalán, eúscaro e chinés, e foron recollidas en antoloxías en inglés (*To the wind our sails*, *Breogan's Lighthouse*, ambas 2010). É membro da Sección de Ciencia, Natureza e Sociedade do Consello da Cultura Galega. En xaneiro de 2017 ingresou como académica de número na Real Academia Galega co discurso *Voces termando da paisaxe galega*, dispoñible na web da RAG

(<http://academia.gal/documents/10157/27090/Marilar+Aleixandre.pdf> do texto e https://www.youtube.com/watch?v=Eg_zfeWCR18&feature=youtu.be o discurso lido)